

Airiños de Fene rebusca na música popular desde o XIX na súa Xuntanza

A banda recordará tamén a súa historia propia no festival que se celebrará o vindeiro sábado

A xuntanza de gaiteiros que cada ano celebra Airiños de Fene e que dedica a un músico ou grupo de especial transcendencia na música tradicional ten nesta ocasión un protagonista excepcional: a propia banda. Cumpren vinte anos e con este motivo renden tributo a tódolos que fixeron este camiño.

M. J. R. > FERROL

■ A banda de gaitas Airiños de Fene e tódalas seccións que integran o grupo teñen unha merecida fama dentro da música tradicional galega. Este prestixio é froito de vinte anos de traballo de varias xeracións ás que se lles quere render homenaxe na xuntanza anual (a número 19) da formación. Para iso recuperan a antigos membros e colaboradores como Daniel Bellón, Diego Maceiras, Xabier Díaz, Xosé Lois Romero, Suso Vaamonde ou o grupo de música tradicional do Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais (Igaem).

“Queremos que a Xuntanza seña unha homenaxe a un recoñecemento a tódolos que formaron ou forma parte da nosa Banda, xa que foron eles os que co seu traballo e esforzo lograron que a Banda de Gaitas Tradicional Airiños de Fene chegara a onde chegou”, indican desde a entidade.

O acto celebrarase o sábado 29 de setembro, ás sete da tarde, na praza do Concello de Fene. Estará presentado por Almudena Marcos e por Pitusa Arias, xornalistas de Radiofusión Ferrolterra (emisora con base en Fene).



Imaxe do espectáculo “Identidade”, unha proposta etnográfica e dramática estreada por Airiños en 2001

HOMENAXE

Os artistas destacados na edición anterior foron Xosé Luís Rivas e Baldomero Iglesias, “Mini” e “Mero”

O percorrido histórico será pola vida do grupo Airiños de Fene pero tamén pola da música popular galega. Presentarán ante os asistentes unha adaptación do espectáculo etnográfico e teatral

“Un camiño no tempo”, ideado e dirixido por Miguel Doval e por Chus Niebla.

Nel repasan diferentes manifestacións desde mediados de 1800 ata a actualidade. Así, o programa comezará cos cantos que interpreta Xabier Díaz (entre eles o romance de Don Gaifeiros), acompañado na zanfona por Alberto Maceiras. Xotas, muiñeiras, pasadobres, maneos, pasacorredoiras, rumbas, foliadas, mazurcas, cantos de arrieiros e outros propios de tarefas como a espade-la do liño ou a costura iranese

desenvolvendo diante dos espectadores, que recoñecerán de seguro moitas das composicións.

Na celebración desta xuntanza colaboran o Concello de Fene, a Deputación da Coruña, a Consellería de Cultura e Deporte e Radiofusión.

Airiños de Fene pode gabarse de ter dado á música tradicional galega algúns dos seus intérpretes con máis éxito, moitos dos cales exploran agora novos camiños para que o folclore siga avanzando. É así, por exemplo, con Bellón e Maceiras ou con Xabier Díaz.

23.09.07

■ OS INVITADOS

XABIER DÍAZ

Todo comezou en San Valentín

■ Xabier Díaz empezou a súa carreira musical en Fene, xa que viviu en San Valentín. Foi fundador de Rumadeira, colaborou con varios grupos e editou “Músicas de salitre” en 2005 e “Coplas para Ica” no ano 2007.

SUSO VAAMONDE

Labor didáctico

■ Suso Vaamonde comezou coa gaita ós doce anos da man do seu profesor de Matemáticas. É un nome indispensable ó falar deste instrumento en Galicia. Ten premios (entre eles o Constantino Bellón) e varios traballos publicados.

XOSÉ LOIS ROMERO

Nova Galega de Danza

■ A extensa actividade musical de Xosé Lois Romero pasa por varias etapas e nos últimos tempos destaca, entre outras cousas, por ser director musical da exitosa Nova Galega de Danza.

BELLÓN E MACEIRAS

Os nenos da casa

■ En Airiños de Fene naceu o dúo de gaita e acordeón que triunfa co seu innovador e abraiante disco “Unión das terras”.

GRUPO DO IGAEM

A mellor selección

■ Destacadísimos intérpretes galegos xúntanse neste sexteto para levar a música tradicional galega a tódolos rincóns do mundo.